

Universidade da Coruña

ORIENTACIÓN DE LOS PROGRAMAS	Tipología	Denominación	Modalidad: presencial (P), virtual (V), mixta (M)	Duración en horas	Objetivos generales	Observaciones
TIC	Curso	APLICACIÓNS LIBRES E MULTIPLATAFORMA DE USO XERAL	M	20	Formar aos docentes no uso de ferramentas, que ademais de seren libres, poidan empregarse en calquera plataforma ou sistema operativo. Facilitar as directrices xerais da obtención, instalación e configuración de aplicacións libres de uso habitual a nivel de usuario.	
	Curso	APRENDIZAXE 2.0	P	12	O proceso de Boloña establece á universidade europea un novo paradigma educativo para un novo modelo de sociedade onde o profesor actuará como facilitador da aprendizaxe do alumnado, para seren estes máis activos e autónomos. Para iso o profesorado deberá asumir novas competencias na súa actuación docente tales como a aprendizaxe baseada en proxectos, novos procedementos de avaliación e acción tutorial, etc. Mais sobre todo, o Espazo Europeo de Ensino Superior pon énfase na necesaria participación colaborativa de profesores e alumnos na consecución deste novo paradigma educativo. Neste traballo colaborativo verase posibilitado, facilitado e potenciado se facemos uso das tecnoloxías de Internet que á vez servirán como estímulo no incremento da aprendizaxe "social" do alumnado nunha "aula máis alá do espazo e do tempo" e que se integra plenamente na actual Sociedade del Coñecemento.	
	Curso	Pizarra Digital Interactiva	P	12	O proceso de Boloña establece á universidade europea un novo paradigma educativo para un novo modelo de sociedade onde o profesor actuará como facilitador da aprendizaxe do alumnado, para seren estes máis activos e autónomos. Para iso o profesorado deberá asumir novas competencias na súa actuación docente tales como a aprendizaxe baseada en proxectos, novos procedementos de avaliación e acción tutorial, etc. Mais sobre todo, o Espazo Europeo de Ensino Superior pon énfase na necesaria participación colaborativa de profesores e alumnos na consecución deste novo paradigma educativo. As tecnoloxías interactivas aparecen como un elemento novedoso que posibilita unha relación moito máis dinámica entre docentes e alumnado, non só durante o proceso de aprendizaxe que ten lugar na aula, no laboratorio ou no seminario, senón tamén durante o proceso da acción tutorial presencial ou virtual.	
	Curso	FERRAMENTAS DE TRABALLO COAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN E AS SÚAS APLICACIÓNS NAS AULAS	P	12	Familiarizarse co emprego e co funcionamento básico de distintos aparellos e ferramentas dixitais. Facilitar a incorporación na práctica docente das TIC para mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe. Aproveitar os recursos TIC máis comúns na universidade e avaliar as súas posibilidades educativas. Reflexionar e debater acerca da utilidade das TIC na práctica educativa universitaria. Analizar as posibilidades de Internet como fonte e soporte de recursos para o seu aproveitamento didáctico.	
DOCENCIA EN LÍNEA	Curso	E-LERNING 2.0 – POSIBILIDADES DA WEB 2.0 NO ENSINO SUPERIOR	P	12	Coñecer unha importante representación de recursos e tecnoloxías que compoñen a Web 2.0. Posuír a capacidade de analizar o fenómeno con seus pros e contras así como no marco da loita de intereses desatada. Adquirir as habilidades básicas para manexar unha lista importante de estes recursos. Situar algúns destes recursos no marco das súas necesidades docentes	
	Curso	A FERRAMENTA MOODLE PARA DOCENTES DA UDC	P	12	Ofrecer os fundamentos para o uso pedagóxico dos recursos de Moodle na docencia universitaria. Introducir aos profesores no uso de Moodle. Suxerir orientacións para o deseño e o desenvolvemento de materias en Moodle.	
	Curso	METODOLOXÍAS DOCENTES E MATERIAIS DIDÁCTICOS PARA O ENSINO A DISTANCIA (EaD)	P	12	Ser consciente da repercusión das TIC na sociedade actual. Sentirse libre para explorar o potencial das redes de comunicación. Comprender as características especiais dos procesos de aprendizaxe a distancia. Coñecer as características máis relevantes para un bo material escrito para o autoestudo. Confeccionar unha guía didáctica para unha materia. Elaborar unha unidade didáctica dunha área de dominio do alumno. Analizar a pertinencia das ferramentas de publicación electrónica ás necesidades docentes. Garantir o acceso aos documentos docentes xerados mediante o uso de formatos públicos.	
	Curso	HOT POTATOES E eXe eLEARNING: A SÚA UTILIDADE EN MOODLE	M	16	Coñecer a ferramenta de autor de software libre HotPotatoes e as súas posibles aplicacións en Moodle mediante a creación de contidos. Coñecer a ferramenta de autor de software libre eXe Learning e as súas posibles aplicacións en Moodle mediante a creación de contidos	

Universidade da Coruña

Acciones de innovación docente en TIC						
Acciones de innovación docente en DOCENCIA EN LÍNEA						